



# Curso de dobraxaxe

# 2007

Plan de Formación

## OBXECTIVOS

O actor/actriz de dobraxe ten que decodificar distintas linguaxes que se superpoñen no orixinal do produto audiovisual. O obxectivo do curso é achegarse a cada unha delas, analízalas, debullalas e adestrar os aspectos que require esta técnica dende o proceso de visionamento ata o de gravación.

## METODOLOXÍA

A necesidade de sensibilizarnos ante os distintos recursos que empregou un actor/actriz no orixinal e ser quen de reproducilos o máis fielmente posible, conleva afinar a percepción, e coñecer e perfeccionar o uso do noso instrumento vogal. Xa que logo o curso ten que ser teórico-práctico, con bloques específicos adicados á voz, á linguaxe xestual, á sincronía...

Traballando nas mesmas condicións técnicas e artísticas nas que se desenvolve esta profesión a cotío, dobraranse anacos de películas, series, debuxos animados ou documentais. Contra o final do curso supervisarán algunhas sesións directores de dobraxe de recoñecido prestixio que aportarán así cadanseu estilo de dirección.

## DATAS E LUGAR

O curso vai celebrarse **do 17 de decembro ao 29 de xaneiro** (de luns a venres) na Sala de Dobraxe da Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela (Avda. De Castelao s/n, Campus Norte), de luns a venres (excepto pontes), e en horario de tarde, **de 16:30 a 21:00 horas**.

## ESTRUTURA

O curso ten unha duración de 120 horas.

- Adicaranse 18 horas á anatomía, fisioloxía e funcionamento do instrumento vogal.
- Outras 14 horas serán para o traballo con directores de dobraxe.
- As restantes 88 horas integrarán o bloque teórico-práctico.

## PARTICIPANTES

Un máximo de **16 persoas**.

O curso é de carácter aberto, coa posibilidade de convocar unha proba de selección se o número de solicitudes así o require. Neste suposto comunicarse con antelación aos interesados, informando da data e o lugar onde se celebrará a mesma.

Resérvanse sete prazas para actores e actrices que sexan socios de AISGE. De non cubrirse estas prazas, pasarían a libre disposición, en función dos resultados obtidos no proceso de selección.

Resérvase unha praza para os Técnicos de Imaxe - P.A.S. (Persoal de Administración e Servizos) da Facultade de Ciencias da Comunicación da USC. De quedar deserta esta praza, poderá cubrirse polo alumnado de dita facultade.

Resérvase igualmente unha praza para o alumnado da Facultade, cifra que poderá verse incrementada noutra, no caso de quedar deserta a destinada aos P.A.S. De non cubrirse estas dúas prazas, pasarían a libre disposición, en función dos resultados obtidos no proceso de selección.



consorcio audiovisual  
de Galicia

# Curso de dobraxe

## INSCRIPCIÓNS

Para inscribirse no curso haberá que cubrir a solicitude que se pode conseguir na sede do Consorcio ou na súa páxina web (<http://www.consorcioaudiovisualdegalicia.org>) e presentala conxuntamente co currículo.

Ademais, o alumnado da Facultade de Ciencias da Comunicación debe remitir unha copia do resgardo da **matrícula** en Xornalismo ou en Comunicación Audiovisual no curso actual, ou copia do impreso de admisión no programa de doutoramento.

Pódense presentar estes documentos tanto na propia sede, como a través de correo electrónico

([formacion@consorcioaudiovisualdegalicia.org](mailto:formacion@consorcioaudiovisualdegalicia.org), en formato pdf, doc, odt, rtf, txt), ou mediante fax (ao número 981 54 58 47).

A data límite para as inscricións é o **7 de decembro de 2007**.

## PROCESO DE SELECCIÓN

Unha vez rematado o prazo de preinscrición, convocarase ás persoas preseleccionadas en base ao currículo, a unha **proba de idoneidade**. Esta sería coordinada polo titor do curso e atendería aos seguintes criterios:

- Correcto uso do galego falado.
- Capacidade interpretativa.
- Valoración do currículo.
- Non ter feito algún dos cursos de dobraxe organizados por este Consorcio.

## MATRÍCULA

Rematado o proceso de selección, convocarase telefonicamente ás persoas seleccionadas para a formalización da matrícula.

Para elo, remitirase un correo coas instrucións que deben seguirse e os datos bancarios para realizar o pagamento das taxas establecidas na entidade bancaria correspondente.

**Matrícula xeral: 220 €**

**Matrícula reducida: 110 €** (para os membros das entidades colaboradoras –AAAG, AISGE, APRADOGA–, e os beneficiados coas prazas reservadas ao alumnado e P.A.S. da Facultade de Ciencias da Comunicación da USC).

## TITOR E PROFESORADO

O curso será coordinado e impartido por Luis Iglesia B., actor e director de dobraxe con máis de vinte anos de experiencia.

Contarase, ademais coa colaboración de Marisa Lois, médico foniatra especialista na reeducación e adestramento da voz, que impartirá un módulo específico.

Distintos directores de dobraxe como: Charo Pena, Xosé Antonio Rubal ou Alfonso Valiño, aportarán os seus propios estilos dirixindo ao longo de varias clases aos participantes.

## PROGRAMA

### 1. A dobraxe

- 1.1 Definición. Estilos.
  - 1.2 Dobraxe e sonorización.
  - 1.3 Dobraxe vs. Subtitulación.
  - 1.4 Veracidade, verosimilitude, fidelidade.
  - 1.5 Sincronía. Definición, tipos.
- 

### 2. A dobraxe en Galicia

- 2.1 Nacemento e evolución.
  - 2.2 A dobraxe como elemento normalizador e normativizador.
  - 2.3 Marco legal.
- 

### 3.0 proceso de produción

- 3.1 Pre-produción.
  - 3.2 Tradución.
  - 3.3 Corte. Take, definición.
  - 3.4 Elaboración dos plans de traballo. Convocatoria, definición.
  - 3.5 Axuste.
  - 3.6 Mesturas.
  - 3.7 Outros modelos.
- 

### 4. A sala de dobraxe

- 4.1 Elementos.
  - 4.2 Aspectos técnicos.
- 

### 5. O take

- 5.1 Ver e oír. As distintas linguaxes.
    - 5.1.1 Os planos.
    - 5.1.2 O son: soundtrack, ambiente, música.
    - 5.1.3 A linguaxe non verbal: xestualidade, o corpo, o rostro, proxemia...
    - 5.1.4 A voz: recursos da expresión vogal.
  - 5.2 Recordar e fixar.
    - 5.2.1 Código individual.
    - 5.2.2 Adlibs.
    - 5.2.3 Ambientes.
    - 5.2.4 Off-On.
  - 5.3 Reproducir.
    - 5.3.1 Volume. Proxección.
    - 5.3.2 Colocación. Comportamentos de atril.
    - 5.3.3 Aspectos lingüísticos.
-

## 6. Xornadas de voz

1ª.- Fisioloxía (que é a voz?)

- Anatomía.

2ª.- Causas da patoloxía.

- Uso do instrumento.
- Coñecemento do instrumento.
  - Exploración.
  - Aprender a manexalo.
  - Poñer límites.
- Práctica do instrumento.

3ª.- Liberar o sistema respiratorio.

- Práctica postura-respiración-fonación.

4ª.- Normas de hábito correcto.

- Tratamentos:
  - Farmacolóxico · Fisioterapia · Exercicio · Oligoterapia · Homeopatía · Dieta

## Máis información:

### Consortio Audiovisual de Galicia

Rúa do Hórreo 61, 1º · 15702 · Santiago de Compostela

Tfno.: 981 545 063

E-mail: [formacion@consorcioaudiovisualdegalicia.org](mailto:formacion@consorcioaudiovisualdegalicia.org)

[www.consorcioaudiovisualdegalicia.org](http://www.consorcioaudiovisualdegalicia.org)

Horario de atención ao público:

Luns a xoves de 9:00 a 14:00 h. e de 16:30 a 19:30 e venres de 9:00 a 15:00 h.



consorcio audiovisual  
de Galicia

# Curso de dobraxe

## Profesorado e colaboradores

### **LUIS IGLESIA BESTEIRO** Titor

Actor e director de dobraxe dende o ano 1.986. Voz habitual de Robert de Niro, Harrison Ford, Mel Gibson, Paul Newman...; en debuxos animados, Gardfield, a rá Gustavo, Drácula (*Barrio Sésamo*) ou o Don Quixote (*Donkey Xote*) na súa versión galega. Múltiples traballos de locución de documentais, campañas publicitarias, videos industriais... Papeis protagónicos en *Un mundo de historias* e en *Terra de Miranda*, participou como convidado en series como *Mareas vivas*, *Celavella* ou *Libro de familia*. Diversas aparicións en curtametraxes, telefilmes ou en películas como *Heroína* ou *A promesa*.

Vencellado tamén ao mundo do teatro, colaborou con varias ó compañías, pero especialmente con *Teatro do aquí* en montaxes como: *Rastros*, *Camiño longo* ou *A ópera d'a patacón*.

Como docente imparte cursos de locución e dobraxe para distintos organismos e institucións. Desenvolve un método orixinal para a iniciación na dobraxe, froito da experiencia multidisciplinar.

### **MARISA LOIS** Profesora do módulo de voz

MESTO. Hospital Provincial de Pontevedra.

Médico-Foniatra pola Escuela de Especialización Profesional de Foniatría, Universidad de Salamanca.

Máster en Logopedia pola Universidade de Santiago de Compostela.

Diplomada en Disfonías e Terapéutica Vogal, pola Universidade Francesa de Sciences Medicales et Pharmaceutiques. Besançon.

Diplomada en Audioloxía e Próteses Auditivas. Facultade de Medicina de Santiago de Compostela.

Formada na técnica "Rehabilitación de voz sin laringe" co Prof. Montenegro. Hospital La Beata Mariana, Madrid.

Socia numeraria da Sociedade Galega de Otorrinolaringoloxía e da Sociedad Médica Española de Foniatría (SOMEF).

Colaboradora na técnica *Voice Craft* no apartado de anatomía-fisioloxía.

Directora de distintos cursos e seminarios sobre temas relacionados coa área O.R.L. aplicados á voz.

### **CHARO PENA TORRES** Directora de dobraxe

Actriz e directora de dobraxe dende o ano 1.985. Como actriz podémola escoitar na dobraxe en galego de Meryl Streep, Julie Andrews, Sharon Stone, Susan Sarandon ou René Russo; ou en series de animación *Angela Anaconda* (Angela) ou *Shin-Chan* (Misae).

Na súa longa traxectoria como directora cómpre significar os encargos de dobraxe de cinema ao galego: *A lingua das bolboretas*, *Cando volvas ó meu lado*, *Sei quen es*, *Os luns ao sol*, ou recentemente *Mia Sarah*, *Hotel Tívoli*, *Concursante*...



consorcio audiovisual  
de Galicia

# Curso de dobraxe

## JOSÉ ANTONIO RUBAL PERNAS Director de dobraxe

Comezou a súa andaina profesional en *Imaxe Galega* no ano 1.985. Aínda que tamén coordina as labores de actor e director de dobraxe é nesta última faceta onde ten unha significativa traxectoria como “corredor de fondo”, polas súas mans teñen pasado series como *Benson*, *Raven*, *Colombo*, *Gardfield*, *O príncipe de Bel-Air*, ou *A Nanny*, e películas como *Apocalypse now*, *Pulp Fiction*, *Balas sobre Broadway*, ou *Outra terapia perigosa*, todas elas na súa versión ao galego.

## ALFONSO VALIÑO ARES Director de dobraxe

Desenvolve labores de actor e director de dobraxe dende 1.985. En *Imaxe Galega* (Santiago, 1.985-1987), en *K-2000* (Galdakao 1.987-1988), e dende 1.988 nos distintos estudos de Galicia.

Voz en galego de actores como Gary Cooper, Rod Steiger, Bob Hopkins ou Morgan Freeman. Asemade dirixe e axusta a dobraxe de series que van dende *Os pitufos* (1.988) ata *Shin-Chan* (2.003-2.004).